

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL ASÍ COMO, INDUSTRIAS RUEIRAS E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA (BOP N° 64 de 20-03-1999)

Artigo 1º.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3.n), ámbolos dous da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 da Lei 25/1998, de 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público, este Concello establece a Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por “instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreos de uso público local así como industrias rueiras e ambulantes e rodaxe cinematográfica especificado nas Tarifas contidas no artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º.- Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago da taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou entidades a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou os que se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 3º.- Contía

A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a que figura na seguinte Tarifa:

EPIGRAFE	EUROS
1.-Licenzas para a ocupación de terreos destinados a tómbolas, rifas, vendas rápidas e similares. Por cada m ² ou fracción	0,6
2.-Licenzas para a ocupación de terreos dedicados a arrandeadoiros, aparatos voadores, casetas de tiro, calesitas, xogos de cabaliños, coches de choque, e en xeral, calquera clase de aparatos de movemento. Por cada m ² ou fracción	0,6
3.-Licenza para a ocupación de terreos destinados a teatros, circos, e, en xeral, calquera clase de espectáculos. Por cada m ² ou fracción	0,6
4.- Licenza para a ocupación de terreos destinados á instalación de restaurantes, bares, polberías, bodegóns e similares. Por cada m ² ou fracción	0,6
5.- Licenzas para ocupación de terreos con camións ou vehículos para a venda de bocadillos, hamburguesas, chocolates, refrescos, bebidas, froitas, etc. Por cada m ² ou fracción	0,6

A superficie computable será a que realmente ocupe o vehículo, máis unha franxa de terreo dun metro de anchura, pa-

ralela á fronte da liña exterior ó mostrador ou instalación que se utilice para o uso ou servizo do público.

6.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de chocolataría, masa frita, patacas fritas, xelados e algodón en doce. Por cada m ² ou fracción	0,6
7.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de postos para a venda de turróns, rosquiñas, doces, fritos secos, froitas e hortalizas, queixos, ovos, patacas, e calquera outro produto comestible. Por cada m ² ou fracción	0,6
8.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados á instalación de casetas ou postos para a venda de xoguetes, cerámicas, quincalla, e calquera outro produto ou artigo non comestible. Por cada m ² ou fracción	0,6
9.- Fotógrafos, debuxantes e caricaturistas	0,6
Os artefactos que se utilicen como complemento das súas actividades pagarán por cada m ² . ou fracción	0,6
10.- Licenzas para a venda ambulante, ó brazo, de globos, bastóns, barquiños y calquera outra clase de artigos.	0,6
Os vendedores a que se refire este epígrafe non poderán utilizar carros, carriños, vehículos, mesas, nin ningún outro artefacto apoiado no chan.	0,6
11.- Licenzas para a ocupación de terreos destinados a despachos para a venda de entradas das instalacións de aparatos, espectáculos, teatros, circos, etc., sempre que estean colocados fóra da superficie poxada ou adxudicada. Por cada m ² ou fracción	0,6
12.- Licenzas para a instalación de aparatos automáticos accionados por moedas, para entretemento, recreo ou venda. Por cada m ² ou fracción	0,6
13.- Licenza para ocupacións de terreos con postos para a venda de libros, revistas, etc. Por cada m ² ou fracción	0,6
14.- Pola ocupación da vía pública ou terreos de uso público para a ro-daxe de películas. Por cada m ² ou fracción	0,6
Cota mínima deste epígrafe	0,6
15.- Polberías	0,9
16.- Nas Festas Patronais ou as que autorice o Concello, a 36,08 euros metro liñal de cada atracción: Cafetería, bares, etc y festa	----
O Concello poderá establecer, para determinada temporada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos ou outros	

espectáculos e adxudicar ditos terreos mediante licitación, conforme as vixentes normas de contratación municipal.

As adxudicacións faranse por temporada concreta, con expresión de data a data, e se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó prezo ó que fose adxudicado.

Os dereitos fixados na Tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante poxa, enténdense pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non a cabo, polo que non poderá concederse bonificación ningunha por causa de choivas, restriccións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra de forza maior.

As instalacións haberán de ser montadas e desmontadas no prazo máximo de tres días, antes e despois, respectivamente, do tempo polo que se faga a adxudicación ou se conceda a licenza, devengándose, noutro caso, os dereitos correspondentes por cada día de exceso.

Artigo 4º.- Normas de xestión

1. As cantidades esixibles con respecto á Tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polo período de tempo autorizado.

2. a) Os emprazamentos, instalacións, postos, etc., poderán sacarse a licitación pública e o tipo de licitación en concepto de prezo mínimo que servirá de base, será a contía fixada na Tarifa desta Ordenanza.

b) Procederase, con antelación á poxa, á formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser poxados, numerando as parcelas que sexan obxecto de licitación e sinalando a súa superficie. Así mesmo, indicaranse as parcelas que poidan dedicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, polberías, quincallas, etc.

c) Se algún concesionario dos aproveitamentos utilizase maior superficie que a que lle foi adxudicada en poxa ou autorizada na licenza, satisfará, por cada metro cadrado utilizado de máis, o.....por 100 do importe da puxanza ou licenza, ademais do importe do remate ou da contía fixada pola tarifa, respectivamente.

3. a) As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta Ordenanza e non sacados a licitación pública deberán solicitar previamente a correspondente licenza, realizar o depósito previo a que se refire o artigo 6.2 a) seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.

b) Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferenzas coas peticións de licenzas; se se desen diferenzas, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferenzas polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

c) En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

4. Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se teña abonado e obtido polos interesados a licenza correspondente.

5. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza, sen prexuízo das contías que corresponda abonar ós interesados.

Artigo 6º.- Obrigación de pago

1. A obrigación de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na Tarifa.

2. O pago desta taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 39/1988, de 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, por semestres naturais, nas oficinas da Recadación Municipal desde o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Alcalde/A Alcaldesa

O Secretario/A Secretaria